

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**4184** *REAL DECRETO 240/2007, do 16 de febreiro, sobre entrada, libre circulación e residencia en España de cidadáns dos Estados membros da Unión Europea e doutros Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo.* («BOE» 51, do 28-2-2007.)

España adheriuse ás comunidades europeas como Estado membro de pleno dereito o 1 de xaneiro de 1986, sendo necesario naqueles momentos ditar o Real decreto 1099/1986, do 26 de maio, sobre entrada, permanencia e traballo en España de cidadáns dos Estados membros das comunidades europeas, no cal se regulaban as formalidades administrativas para o exercicio dos dereitos de entrada e permanencia en España por parte dos cidadáns dos seus Estados membros para a realización de actividades por conta allea ou por conta propia ou para prestar ou recibir servizos, ao abeiro do establecido no Tratado da Comunidade Económica Europea.

Posteriormente, o Consello das Comunidades Europeas adoptou o Regulamento (CEE) 2194/1991, do 25 de xuño de 1991, relativo ao período transitorio aplicable á libre circulación dos traballadores entre España e Portugal e os restantes Estados membros, e as directivas 90/364/CEE, relativa ao dereito de residencia; 90/365/CEE, relativa ao dereito de residencia dos traballadores por conta allea ou por conta propia que deixasen de exercer unha actividade profesional, e 93/96/CEE, relativa ao dereito de residencia dos estudantes, o que motivou que se ditase o Real decreto 766/1992, do 26 de xuño, sobre entrada e permanencia en España de nacionais de Estados membros das comunidades europeas.

A entrada en vigor, o 1 de xaneiro de 1994, do Acordo ratificado por España o 26 de novembro de 1993, sobre o Espazo Económico Europeo, así como a necesaria adecuación do citado real decreto á xurisprudencia emanada do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas (asunto 267/83, Diatta contra Land Berlin), obrigaron a modificar o Real decreto 766/1992, do 26 de xuño, polo Real decreto 737/1995, do 5 de maio, e polo Real decreto 1710/1997, do 14 de novembro.

Débase tamén lembrar a vixencia, dende o 1 de xuño de 2002, do Acordo, do 21 de xuño de 1999, entre a Comunidade Europea e a Confederación Suíza, sobre libre circulación de persoas, polo que aos cidadáns suízos e aos membros da súa familia lles é de aplicación o mesmo tratamento que aos cidadáns dos Estados membros da Unión Europea e aos seus familiares.

A sinatura, o 28 de xullo de 2000, en Marsella, polos ministros do Interior de Francia, Alemaña, Italia e España, dunha declaración en que se comprometían a suprimir a obriga de posuír unha tarxeta de residencia en determinados supostos, obrigaba a introducir as correspondentes adaptacións no réxime recollido nos reais decretos mencionados, polo que se fixo necesario introducir a non-existencia de tarxeta de residencia para os cidadáns dos Estados membros da Unión Europea e doutros Estados parte do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo que fosen activos, beneficiarios do dereito a residir con carácter permanente, estudantes ou familiares destas persoas que sexan á súa vez cidadáns dos mencionados Estados.

Por outra banda, considerouse necesaria a elaboración dun novo texto normativo que derogase os daquela aínda vixentes Real decreto 766/1992, do 26 de xuño,

sobre entrada e permanencia en España de nacionais de Estados membros das comunidades europeas; Real decreto 737/1995, do 5 de maio, que o modificaba, así como o Real decreto 1710/1997, do 14 de novembro, e por iso se aprobou o Real decreto 178/2003, do 14 de febreiro, sobre entrada e permanencia en España de nacionais de Estados membros da Unión Europea e doutros Estados Parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo.

Posteriormente, o Parlamento Europeo e o Consello da Unión Europea valoraron a necesidade de codificar e revisar os instrumentos comunitarios existentes, co obxecto de simplificar e reforzar o dereito de libre circulación e residencia de todos os cidadáns da Unión Europea, o que fixo necesario un acto lexislativo único, co fin de facilitar o exercicio deste dereito.

O devandito acto lexislativo constituíuno a Directiva 2004/38/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, relativa ao dereito dos cidadáns da Unión e dos membros das súas familias a circular e residir libremente no territorio dos Estados membros, pola que se modifica o Regulamento (CEE) n.º 1612/68 e se derrogan as directivas 64/221/CEE, 68/360/CEE, 72/194/CEE, 73/148/CEE, 75/34/CEE, 75/35/CEE, 90/364/CEE, 90/365/CEE e 93/96/CEE. O devandito instrumento comunitario modificou o Regulamento (CEE) 1612/68, relativo á libre circulación dos traballadores dentro da Comunidade, e derrogou diversas directivas CEE en materia de desprazamento e residencia, estadia de traballadores dos Estados membros e das súas familias dentro da comunidade, establecemento e libre prestación de servizos, e residencia dos estudantes nacionais dos Estados membros.

A Directiva 2004/38/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, regula o dereito de entrada e saída do territorio dun Estado membro, o dereito de residencia dos cidadáns da Unión e dos membros da súa familia, e os trámites administrativos que deben realizar ante as autoridades dos Estados membros. Así mesmo, regula o dereito de residencia permanente, e finalmente establece limitacións aos dereitos de entrada e de residencia por razóns de orde pública, seguridade pública ou saúde pública.

En todo caso, a aprobación da citada Directiva 2004/38/CE, do 29 de abril de 2004, fixo necesario proceder a incorporar o seu contido ao ordenamento xurídico español, todo iso de acordo co disposto polos artigos 17 e 18 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea relativos á cidadanía da Unión, así como aos dereitos e principios inherentes a esta, e ao principio de non-discriminación por razón de sexo, raza, cor, orixe étnica ou social, características xenéticas, lingua, relixión ou conviccións, opinións políticas ou doutro tipo, pertenza a unha minoría nacional, patrimonio, nacemento, discapacidade, idade ou orientación sexual.

Por outra parte, e de conformidade co disposto no artigo 1.3 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, na súa redacción dada polas leis orgánicas 8/2000, 11/2003 e 14/2003, débese lembrar que a devandita lei orgánica é de aplicación para as persoas incluídas no ámbito de aplicación deste real decreto naqueles aspectos que lles puidesen ser máis favorables.

Igualmente, o dereito ao reagrupamento familiar determínase como un dereito inherente ao cidadán dun Estado membro, pero asociado necesariamente ao exercicio do seu dereito de libre circulación e residencia no territorio dos outros Estados membros, todo iso de conformidade coa normativa comunitaria e coa xurisprudencia do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas. Neste sentido, para regular o reagrupamento familiar de cidadáns españois que non exerceron o dereito de libre

circulación, introdúcese unha disposición derradeira terceira que, pola súa vez, introduce dúas novas disposicións adicionais, décimo novena e vixésima, no Regulamento da Lei orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, aprobado polo Real decreto 2393/2004, do 30 de decembro. Estas disposicións protexen especialmente o cónxuxe ou parella de cidadán español e os seus descendentes menores de vinte e un anos, maiores da devandita idade, que vivan ao seu cargo, ou incapaces.

O Foro para a Integración Social dos Inmigrantes, a Comisión Permanente da Comisión Laboral Tripartita de Inmigración e a Comisión interministerial de Estranxeiría emitiron informe sobre este real decreto.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Traballo e Asuntos Sociais, de Asuntos Exteriores e de Cooperación, e do Interior, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 16 de febreiro de 2007,

## DISPÓN O :

### CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais

##### Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto regula as condicións para o exercicio dos dereitos de entrada e saída, libre circulación, estadia, residencia, residencia de carácter permanente e traballo en España por parte dos cidadáns doutros Estados membros da Unión Europea e dos restantes Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, así como as limitacións aos dereitos anteriores por razóns de orde pública, seguridade pública ou saúde pública.

2. O contido deste real decreto entenderase sen prexuízo do disposto en leis especiais e nos tratados internacionais en que España sexa parte.

##### Artigo 2. *Aplicación a membros da familia do cidadán dun Estado membro da Unión Europea ou doutro Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo.*

Este real decreto aplícaselles tamén, calquera que sexa a súa nacionalidade, e nos termos previstos por este, aos familiares de cidadáns doutro Estado membro da Unión Europea ou doutro Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, cando o acompañen ou se reúnan con el, que a continuación se relacionan:

a) Ao seu cónxuxe, sempre que non recaese o acordo ou a declaración de nulidade do vínculo matrimonial, divorcio ou separación legal.

b) Á parella con que manteña unha unión análoga á conxugal inscrita nun rexistro público establecido para eses efectos nun Estado membro da Unión Europea ou nun Estado parte no Espazo Económico Europeo, que impida a posibilidade de dous rexistros simultáneos no devandito Estado, e sempre que non se cancelase a devandita inscrición, o que deberá ser suficientemente acreditado. As situacións de matrimonio e inscrición como parella rexistrada consideraranse, en todo caso, incompatibles entre si.

c) Aos seus descendentes directos, e aos do seu cónxuxe ou parella rexistrada sempre que non recaese o acordo ou a declaración de nulidade do vínculo matrimo-

nial, divorcio ou separación legal, ou se cancelase a inscrición rexistral de parella, menores de vinte e un anos, maiores da devandita idade que vivan ao seu cargo, ou incapaces.

d) Aos seus ascendentes directos, e aos do seu cónxuxe ou parella rexistrada que vivan ao seu cargo, sempre que non recaese o acordo ou a declaración de nulidade do vínculo matrimonial, divorcio ou separación legal, ou se cancelase a inscrición rexistral de parella.

##### Artigo 3. *Dereitos.*

1. As persoas incluídas no ámbito de aplicación do presente real decreto teñen dereito a entrar, saír, circular e residir libremente en territorio español, logo do cumprimento das formalidades previstas por este e sen prexuízo das limitacións establecidas neste.

2. Así mesmo, as persoas incluídas no ámbito de aplicación deste real decreto, exceptuando os descendentes maiores de vinte e un anos que vivan a cargo, e os ascendentes a cargo considerados no artigo 2.d) deste real decreto, teñen dereito a acceder a calquera actividade, tanto por conta allea como por conta propia, prestación de servizos ou estudos, nas mesmas condicións que os españois, sen prexuízo da limitación establecida no artigo 39.4 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

Non alterará a situación de familiar a cargo a realización por este dunha actividade laboral en que se acredite que os ingresos obtidos non teñen o carácter de recurso necesario para o seu sustento, e nos casos de contrato de traballo a xornada completa cunha duración que non supere os tres meses en cómputo anual nin teña unha continuidade como ocupación no mercado laboral, ou a tempo parcial tendo a retribución o citado carácter de recurso non necesario para o sustento. En caso de finalización da situación de familiar a cargo e eventual cesación na condición de familiar de cidadán da Unión, será aplicable o artigo 96.5 do Regulamento da Lei orgánica 4/2000.

3. Os titulares dos dereitos a que se refiren os puntos anteriores que pretendan permanecer ou fixar a súa residencia en España durante máis de tres meses estarán obrigados a solicitar un certificado de rexistro ou unha tarxeta de residencia de familiar de cidadán da Unión, segundo o procedemento establecido nesta norma.

4. Todos os cidadáns da Unión que residan en España conforme o disposto no presente real decreto gozarán de igualdade de trato respecto dos cidadáns españois no ámbito de aplicación do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea. Este dereito estenderá os seus efectos aos membros da familia que non teñan a nacionalidade dun Estado membro da Unión Europea ou dun Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, beneficiarios do dereito de residencia ou do dereito de residencia permanente.

### CAPÍTULO II

#### Entrada e saída

##### Artigo 4. *Entrada.*

1. A entrada en territorio español do cidadán da Unión efectuarase co pasaporte ou documento de identidade válido e en vigor e en que conste a nacionalidade do titular.

2. Os membros da familia que non posúan a nacionalidade dun dos Estados membros da Unión Europea ou doutro Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico

Europeo efectuarán a súa entrada cun pasaporte válido e en vigor, e necesitarán, ademais, o correspondente visado de entrada cando así o dispoña o Regulamento (CE) 539/2001, do 15 de marzo, polo que se establece a lista de terceiros países cuxos nacionais están sometidos á obriga de visado para cruzar as fronteiras exteriores e a lista de países terceiros cuxos nacionais están exentos desa obriga. A expedición dos devanditos visados será gratuíta e a súa tramitación terá carácter preferente cando acompañe ao cidadán da Unión ou se reúnan con el.

A posesión da tarxeta de residencia de familiar de cidadán da Unión, válida e en vigor, expedida por un Estado que aplica plenamente o Acordo de Schengen, do 14 de xuño de 1985, relativo á supresión gradual dos controis nas fronteiras comúns, e a súa normativa de desenvolvemento, eximirá os devanditos membros da familia da obriga de obter o visado de entrada e, no momento da presentación da devandita tarxeta, non se requirirá a estampación do selo de entrada ou de saída no pasaporte.

3. Calquera resolución denegatoria dunha solicitude de visado ou de entrada, instada por unha persoa incluída no ámbito de aplicación deste real decreto, deberá ser motivada. A devandita resolución denegatoria indicará as razóns en que se basee, ben por non acreditar debidamente os requisitos exixidos para tal efecto polo presente real decreto, ben por motivos de orde pública, seguridade ou saúde públicas. As razóns serán postas en coñecemento do interesado salvo que iso sexa contrario á seguridade do Estado.

4. Nos supostos en que un cidadán dun Estado membro da Unión Europea ou dun Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, ou un membro da súa familia, non dispoñan dos documentos de viaxe necesarios para a entrada en territorio español, ou, se é o caso, do visado, as autoridades responsables do control fronteirizo daranlles a estas persoas, antes de proceder ao seu retorno, as máximas facilidades para que poidan obter ou recibir nun prazo razoable os documentos necesarios, ou para que se poida confirmar ou probar por outros medios que son beneficiarios do ámbito de aplicación deste real decreto, sempre que a ausencia do documento de viaxe sexa o único motivo que impida a entrada en territorio español.

#### Artigo 5. *Saída.*

Os cidadáns dun Estado membro da Unión Europea ou doutro Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, e os membros da súa familia con independencia da súa nacionalidade, terán dereito a saír de España para se trasladar a outro Estado membro, iso con independencia da presentación do pasaporte ou documento de identidade en vigor aos funcionarios do control fronteirizo se a saída se efectúa por un posto habilitado, para a súa obrigada comprobación, e dos supostos legais de prohibición de saída por razóns de seguridade nacional ou de saúde pública, ou previstos no Código penal.

### CAPÍTULO III

#### Estadía e residencia

#### Artigo 6. *Estadía inferior a tres meses.*

1. Nos supostos en que a permanencia en España dun cidadán dun Estado membro da Unión Europea ou doutro Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico

Europeo, calquera que sexa a súa finalidade, teña unha duración inferior a tres meses, será suficiente a posesión de pasaporte ou documento de identidade en vigor, en virtude do cal se efectuase a entrada en territorio español, e non se computará a devandita permanencia para os efectos derivados da situación de residencia.

2. O disposto no punto anterior será de aplicación para os familiares dos cidadáns dun Estado membro da Unión Europea ou doutro Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, que non sexan nacionais dun destes Estados, e acompañen o cidadán dun destes Estados ou se reúnan con el, que estean en posesión dun pasaporte válido e en vigor, e que cumprisen os requisitos de entrada establecidos no artigo 4 deste real decreto.

#### Artigo 7. *Residencia superior a tres meses de cidadáns dun Estado membro da Unión Europea ou doutro Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo.*

1. Os cidadáns dun Estado membro da Unión Europea ou doutro Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo teñen dereito a residir en territorio español por un período superior a tres meses. Os interesados estarán obrigados a solicitar persoalmente ante a Oficina de Estranxeiros da provincia onde pretendan permanecer ou onde fixar a súa residencia ou, no seu defecto, ante a Comisaría de Policía correspondente, a súa inscrición no Rexistro Central de Estranxeiros. A devandita solicitude deberase presentar no prazo de tres meses contados dende a data de entrada en España, e seralle expedido de forma inmediata un certificado de rexistro en que constará o nome, a nacionalidade e o domicilio da persoa rexistrada, o seu número de identidade de estranxeiro, e a data de rexistro.

2. Xunto coa solicitude de inscrición, deberase presentar o pasaporte ou documento nacional de identidade válido e en vigor do solicitante. No suposto de que o devandito documento estea caducado, deberase achegar copia deste e da solicitude de renovación.

#### Artigo 8. *Residencia superior a tres meses con tarxeta de residencia de familiar de cidadán da Unión.*

1. Os membros da familia dun cidadán dun Estado membro da Unión Europea ou dun Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo especificados no artigo 2 deste real decreto, que non teñan a nacionalidade dun dos devanditos Estados, cando o acompañen ou se reúnan con el poderán residir en España por un período superior a tres meses, estando suxeitos á obriga de solicitar e obter unha «tarxeta de residencia de familiar de cidadán da Unión».

2. A solicitude da tarxeta de residencia de familiar de cidadán da Unión deberase presentar no prazo de tres meses dende a data de entrada en España, ante a Oficina de Estranxeiros da provincia onde o interesado pretenda permanecer ou fixar a súa residencia ou, no seu defecto, ante a Comisaría de Policía correspondente. En todo caso, entregarase de forma inmediata un xustificante acreditativo da presentación da solicitude da tarxeta, que será suficiente para acreditar a súa situación de estadía legal ata a entrega da tarxeta. A tenza do xustificante non poderá constituír condición previa para o exercicio doutros dereitos ou a realización de trámites administrativos, sempre que o beneficiario dos dereitos poida acreditar a súa situación por calquera outro medio de proba.

3. Xunto co impreso de solicitude da tarxeta de residencia de familiar de cidadán da Unión, formalizado no modelo oficial establecido para o efecto, deberase presentar a documentación seguinte:

a) Pasaporte válido e en vigor do solicitante. No suposto de que o documento estea caducado, deberase achegar copia deste e da solicitude de renovación.

b) Documentación acreditativa, se é o caso, debidamente traducida e apostilada ou legalizada, da existencia do vínculo familiar, matrimonio ou unión rexistrada que outorga dereito á tarxeta.

c) Certificado de rexistro do familiar cidadán dun Estado membro da Unión Europea ou doutro Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ao que acompañan ou co que se van reunir.

d) Documentación acreditativa, nos supostos en que así se exixa no artigo 2 deste real decreto, de que o solicitante da tarxeta vive a cargo do cidadán dun Estado membro da Unión Europea ou doutro Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo do cal é familiar.

e) Tres fotografías recentes en cor, en fondo branco, tamaño carné.

4. A expedición da tarxeta de residencia de familiar de cidadán da Unión deberase realizar no prazo dos tres meses seguintes á presentación da solicitude. A resolución favorable terá efectos retroactivos, entendéndose acreditada a situación de residencia dende o momento da súa solicitude.

5. A tarxeta de residencia de familiar de cidadán da Unión terá unha validez de cinco anos a partir da data da súa expedición, ou polo período previsto de residencia do cidadán da Unión ou dun Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, se o devandito período fose inferior a cinco anos.

*Artigo 9. Mantemento a título persoal do dereito de residencia dos membros da familia, en caso de falecemento, saída de España, nulidade do vínculo matrimonial, divorcio, separación legal ou cancelación da inscrición como parella rexistrada, en relación co titular do dereito de residencia.*

1. O falecemento do cidadán dun Estado membro da Unión Europea ou dun Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, a súa saída de España, ou a nulidade do vínculo matrimonial, divorcio, separación legal ou cancelación da inscrición como parella rexistrada, non afectará o dereito de residencia dos membros da súa familia cidadáns dun dos devanditos Estados.

2. O falecemento do cidadán dun Estado membro da Unión Europea ou dun Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, no caso de membros da familia que non sexan cidadáns dun dos devanditos Estados, tampouco afectará o seu dereito de residencia, sempre que estes residisen en España, en calidade de membros da familia, antes do falecemento do titular do dereito. Os familiares terán obriga de lles comunicar o falecemento ás autoridades competentes.

Transcorridos seis meses dende o falecemento, salvo que adquirise o dereito a residir con carácter permanente, o familiar deberá solicitar unha autorización de residencia, de conformidade co previsto no artigo 96.5 do Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social. Para obter a nova autorización deberán demostrar que está en alta no réxime correspondente da Seguridade Social como traballador, ben por conta allea ou ben por conta propia, ou que dispo-

ñen, para si e para os membros da súa familia, de recursos abondos, ou que son membros da familia, xa constituída no Estado membro de acollida, dunha persoa que cumpra estes requisitos.

3. A saída de España ou o falecemento do cidadán dun Estado membro da Unión Europea ou dun Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo non suporá a perda do dereito de residencia dos seus fillos nin do proxenitor que teña atribuída a custodia efectiva destes, con independencia da súa nacionalidade, sempre que os devanditos fillos residan en España e se encontren matriculados nun centro de ensino para cursar estudos, iso ata a finalización destes.

4. No caso de nulidade do vínculo matrimonial, divorcio, separación legal ou cancelación da inscrición como parella rexistrada, dun nacional dun Estado membro da Unión Europea ou dun Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, cun nacional dun Estado que non o sexa, este terá obriga de lles comunicar a devandita circunstancia ás autoridades competentes. Para conservar o dereito de residencia deberase acreditar un dos seguintes supostos:

a) Duración de polo menos tres anos do matrimonio ou situación de parella rexistrada, ata o inicio do procedemento xudicial de nulidade do matrimonio, divorcio ou separación legal, ou da cancelación da inscrición como parella rexistrada, dos cales se deberá acreditar que polo menos un dos anos transcorreu en España.

b) Outorgamento por mutuo acordo ou decisión xudicial, da custodia dos fillos do cidadán comunitario, ao ex-cónxuxe ou ex-parella rexistrada que non sexa cidadán dun Estado membro da Unión Europea nin dun Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo.

c) Cando se acredite que existiron circunstancias especialmente difíciles, como ser vítima de violencia doméstica durante o matrimonio ou situación de parella rexistrada, circunstancia que se considerará acreditada de xeito provisional cando exista unha orde de protección ao seu favor ou informe do Ministerio fiscal no cal se indique a existencia de indicios de violencia doméstica, e con carácter definitivo cando se ditose sentenza en que se declare que se produciron as circunstancias alegadas.

d) Resolución xudicial ou mutuo acordo entre as partes que determine o dereito de visita ao fillo menor, do ex-cónxuxe, cónxuxe separado legalmente ou ex-parella rexistrada que non sexa cidadán dun Estado membro da Unión Europea ou dun Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, cando o devandito menor resida en España e a devandita resolución ou acordo estea vixente.

Transcorridos seis meses dende que se producise calquera dos supostos anteriores, salvo que adquirise o dereito a residir con carácter permanente, o ex-cónxuxe ou ex-parella rexistrada que non sexa cidadán dun Estado membro da Unión Europea ou dun Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo deberá solicitar unha autorización de residencia, de conformidade co previsto no artigo 96.5 Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social. O devandito prazo de seis meses poderá ser prorrogado, no suposto da letra c) anterior, ata o momento en que recaia resolución xudicial en que se declare que se produciron as circunstancias alegadas. Para obter a nova autorización deberá demostrar que está en alta no réxime correspondente da Seguridade Social como traballador, ben por conta allea ou ben por conta propia, ou que dispón, para si e para os membros da súa familia, de

recursos abondos, ou que son membros da familia, xa constituída no Estado membro de acollida, dunha persoa que cumpra estes requisitos.

## CAPÍTULO IV

### Residencia de carácter permanente

#### Artigo 10. *Dereito a residir con carácter permanente.*

1. Son titulares do dereito a residir con carácter permanente os cidadáns dun Estado membro da Unión Europea ou dun Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, e os membros da familia que non sexan nacionais dun dos devanditos Estados, que residisen legalmente en España durante un período continuado de cinco anos. Este dereito non estará suxeito ás condicións previstas no capítulo III deste real decreto.

Por petición do interesado, a Oficina de Estranxeiros da provincia onde este teña a súa residencia ou, no seu defecto, a Comisaría de Policía correspondente, expedirá, coa maior brevidade posible e tras verificar a duración da residencia, un certificado do dereito a residir con carácter permanente.

2. Así mesmo, terán dereito á residencia permanente, antes de que finalice o período de cinco anos referido con anterioridade, as persoas en que conorra algunha das seguintes circunstancias:

a) O traballador por conta propia ou allea que, no momento en que cese a súa actividade, alcanzase a idade prevista na lexislación española para acceder á xubilación con dereito a pensión, ou o traballador por conta allea que deixe de ocupar a actividade remunerada con motivo dunha xubilación anticipada, cando exerzan a súa actividade en España durante, polo menos, os últimos doce meses e residisen en España de forma continuada durante máis de tres anos.

A condición de duración de residencia non se exixirá se o cónxuxe ou parella rexistrada do traballador é cidadán español ou perdeu a súa nacionalidade española tras o seu matrimonio ou inscrición como parella rexistrada co traballador.

b) O traballador por conta propia ou allea que cesase no desempeño da súa actividade como consecuencia de incapacidade permanente, residindo en España durante máis de dous anos sen interrupción. Non será necesario acreditar tempo ningún de residencia se a incapacidade resultase de accidente de traballo ou de enfermidade profesional que dea dereito a unha pensión da que sexa responsable, total ou parcialmente, un organismo do Estado español.

A condición de duración de residencia non se exixirá se o cónxuxe ou parella rexistrada do traballador é cidadán español ou perdeu a súa nacionalidade española tras o seu matrimonio ou inscrición como parella co traballador.

c) O traballador por conta propia ou allea que, despois de tres anos consecutivos de actividade e de residencia continuadas en territorio español desempeñe a súa actividade, por conta propia ou allea, noutro Estado membro e manteña a súa residencia en España, regresando ao territorio español diariamente ou, polo menos, unha vez por semana. Para os exclusivos efectos do dereito de residencia, os períodos de actividade exercidos noutro Estado membro da Unión Europea consideraranse cumpridos en España.

3. Os membros da familia do traballador por conta propia ou allea que residan con el en España terán, con

independencia da súa nacionalidade, dereito de residencia permanente cando o propio traballador adquiera para si o dereito de residencia permanente por acharse incluído nalgún dos supostos do número 2 anterior, expedíndoselles ou renovándoselles, cando fose necesaria, unha tarxeta de residencia permanente de familiar de cidadán da Unión.

4. Para os efectos recollidos no número 2 anterior, os períodos de desemprego involuntario, debidamente xustificadas polo servizo público de emprego competente, os períodos de suspensión da actividade por razóns alleas á vontade do interesado, e as ausencias do posto de traballo ou as baixas por enfermidade ou accidente consideraranse como períodos de emprego.

5. Se o titular do dereito a residir en territorio español falecese no curso da súa vida activa, con anterioridade á adquisición do dereito de residencia permanente en España, os membros da súa familia que residisen con el no territorio nacional terán dereito á residencia permanente sempre e cando conorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Que o titular do dereito a residir en territorio español residise, de forma continuada en España, na data do falecemento durante, polo menos, dous anos.

b) Que o falecemento se debese a accidente de traballo ou enfermidade profesional.

c) Que o cónxuxe supérstite fose cidadán español e perdesse a nacionalidade española como consecuencia do matrimonio co falecido.

6. Para os efectos deste artigo, a continuidade da residencia valorarase de conformidade co previsto neste real decreto.

7. Perderase o dereito de residencia permanente por ausencia do territorio español durante máis de dous anos consecutivos.

#### Artigo 11. *Tarxeta de residencia permanente para membros da familia que non teñan a nacionalidade dun Estado membro da Unión Europea ou doutro Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo.*

1. As autoridades competentes expediranlles aos membros da familia con dereito de residencia permanente que non sexan nacionais doutro Estado membro da Unión Europea ou dun Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, unha tarxeta de residencia permanente, no prazo de tres meses contados dende a data en que a correspondente solicitude tivese entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación.

A solicitude deberase presentar no modelo oficial establecido para o efecto, durante o mes anterior á caducidade da tarxeta de residencia, podéndose tamén presentar dentro dos tres meses posteriores á devandita data de caducidade sen prexuízo da sanción administrativa que corresponda. A devandita tarxeta será renovable automaticamente cada dez anos.

2. Xunto coa solicitude da citada tarxeta de residencia permanente, deberase presentar a documentación seguinte:

a) Pasaporte válido e en vigor do solicitante. No suposto de que o devandito documento estea caducado, deberase achegar copia deste e da solicitude de renovación.

b) Documentación acreditativa do suposto que dá dereito á tarxeta.

c) Tres fotografías recentes en cor, en fondo branco, tamaño carné.

3. As interrupcións de residencia non superiores a dous anos consecutivos non afectarán a vixencia da tarxeta de residencia permanente.

## CAPÍTULO V

### Disposicións comúns aos procedementos de solicitude, tramitación, expedición e renovación de certificados de rexistro e tarxetas de residencia

#### Artigo 12. *Tramitación e resolución das solicitudes.*

1. As solicitudes dos certificados de rexistro e tarxetas de residencia previstas neste real decreto presentaranse persoalmente no modelo oficial establecido para o efecto, tramitaranse con carácter preferente e resolveranse conforme o previsto nos artigos 7, 8 e 11 deste real decreto.

2. A solicitude e tramitación do certificado de rexistro ou das tarxetas de residencia non suporá obstáculo ningún á permanencia provisional dos interesados en España, nin ao desenvolvemento das súas actividades.

3. As autoridades competentes para tramitar e resolver as solicitudes de certificado de rexistro ou de tarxetas de residencia que se regulan neste real decreto poderán, excepcionalmente, solicitarlles información sobre posibles antecedentes penais do interesado ás autoridades do Estado de orixe ou ás doutros Estados.

4. Así mesmo, cando así o aconsellen razóns de saúde pública e segundo o previsto no artigo 15 deste real decreto, poderáselle exixir ao interesado a presentación de certificado médico acreditativo do seu estado de saúde.

#### Artigo 13. *Renovación das tarxetas de residencia.*

En caso de que fose necesaria a renovación da tarxeta de residencia antes da adquisición do dereito a residir con carácter permanente, esta renovación tramitarase conforme o disposto neste real decreto, aínda que no caso de ascendentes e descendentes non se exixirá a achega da documentación acreditativa da existencia do vínculo familiar que dá dereito á expedición da tarxeta.

#### Artigo 14. *Expedición e vixencia do certificado de rexistro e da tarxeta de residencia.*

1. A expedición do certificado de rexistro ou da tarxeta de residencia realizarase de conformidade cos modelos que determinen as autoridades competentes e logo de aboamento de taxa correspondente, de conformidade coa lexislación vixente de taxas e prezos públicos, a contía da cal será a equivalente á que se lles exixe aos españois para a obtención e renovación do documento nacional de identidade.

2. En todo caso, a vixencia dos certificados de rexistro e tarxetas de residencia considerados neste real decreto, e a substitución destes por un documento acreditativo da residencia permanente ou unha tarxeta de residencia permanente, respectivamente, estará condicionada ao feito de que o seu titular continúe atopándose nalgún dos supostos que dan dereito á súa obtención. Os interesados deberanlle comunicar os eventuais cambios de circunstancias referidos á súa nacionalidade, estado civil ou domicilio á Oficina de Estranxeiros da provincia onde residan ou, no seu defecto, á Comisaría de Policía correspondente.

3. A vixencia da tarxeta de residencia de familiar de cidadán da Unión caducará polas ausencias superiores a seis meses nun ano. Non obstante, esta vixencia non se

verá afectada polas ausencias de maior duración do territorio español que se acredite que sexan debidas ao cumprimento de obrigas militares ou que non se prolonguen máis de doce meses consecutivos e sexan debidas a motivos de xestación, parto, posparto, enfermidade grave, estudos, formación profesional, ou traslados por razóns de carácter profesional a outro Estado membro ou a un país terceiro.

Esta caducidade por ausencia non lles será de aplicación aos titulares de tarxeta de familiar de cidadán da Unión vinculados mediante unha relación laboral a organizacións non gobernamentais, fundacións ou asociacións, inscritas no rexistro xeral correspondente e recoñecidas oficialmente de utilidade pública como cooperantes, e que realicen para aquelas proxectos de investigación, cooperación ao desenvolvemento ou axuda humanitaria, levados a cabo no estranxeiro. Tampouco lles será de aplicación aos titulares da devandita tarxeta que permanezan no territorio doutro Estado membro da Unión Europea para a realización de programas temporais de estudos promovidos pola propia Unión.

## CAPÍTULO VI

### Limitacións por razóns de orde pública, seguridade pública e saúde pública

#### Artigo 15. *Medidas por razóns de orde pública, seguridade e saúde pública.*

1. Cando así o impoñan razóns de orde pública, de seguridade pública ou de saúde pública, poderase adoptar algunha das medidas seguintes en relación cos cidadáns dun Estado membro da Unión Europea ou doutro Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, ou cos membros da súa familia:

a) Impedir a entrada en España, aínda que os interesados presenten a documentación prevista no artigo 4 deste real decreto.

b) Denegar a inscrición no Rexistro Central de Estranxeiros, ou a expedición ou renovación das tarxetas de residencia previstas neste real decreto.

c) Ordenar a expulsión ou devolución do territorio español.

Unicamente se poderá adoptar unha decisión de expulsión respecto a cidadáns dun Estado membro da Unión Europea ou doutro Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, ou a membros da súa familia, con independencia da súa nacionalidade, que adquirisen o dereito de residencia permanente en España, se existen motivos graves de orde pública ou seguridade pública. Así mesmo, antes de se adoptar unha decisión nese sentido, teranse en conta a duración da residencia e a integración social e cultural do interesado en España, a súa idade, estado de saúde, situación familiar e económica, e a importancia dos vínculos co seu país de orixe.

2. Aquelas persoas que fosen obxecto dunha decisión de prohibición de entrada en España poderán presentar, nun prazo non inferior a dous anos dende esta prohibición, unha solicitude de levantamento desta, logo de alegación de motivos que demostren un cambio material das circunstancias que xustificaron a prohibición de entrada en España.

A autoridade competente que resolveu a devandita prohibición de entrada deberá resolver a devandita solicitude nun prazo máximo de tres meses a partir da súa presentación.

Durante o tempo en que a devandita solicitude é examinada, o afectado non poderá entrar en España.

3. A continuidade da residencia referida neste real decreto verase interrompida por calquera resolución de expulsión executada validamente contra o interesado.

4. Nos casos en que unha resolución de expulsión se vaia executar máis de dous anos despois de se ditar, as autoridades competentes deberán comprobar e valorar posibles cambios de circunstancias que se puidesen producir dende o momento en que se adoptou a decisión de expulsión, así como a realidade da ameaza que o interesado representa para a orde pública ou a seguridade pública.

5. A adopción dunha das medidas previstas nos números anteriores 1 a 4 aterase aos seguintes criterios:

a) Deberá ser adoptada conforme a lexislación reguladora da orde pública e a seguridade pública e as disposicións regulamentarias vixentes na materia.

b) Poderá ser revogada de oficio ou por instancia de parte cando deixen de subsistir as razóns que motivaron a súa adopción.

c) Non poderá ser adoptada con fins económicos.

d) Cando se adopte por razóns de orde pública ou de seguridade pública, deberán estar fundadas exclusivamente na conduta persoal de quen sexa obxecto daquelas que, en todo caso, deberá constituír unha ameaza real, actual e suficientemente grave que afecte un interese fundamental da sociedade, e que será valorada, polo órgano competente para resolver, baseándose nos informes das autoridades policiais, fiscais ou xudiciais que consten no expediente. A existencia de condenas penais anteriores non constituirá, por si soa, razón para adoptar as devanditas medidas.

6. Non se poderá adoptar unha decisión de expulsión ou repatriación respecto a cidadáns dun Estado membro da Unión Europea ou doutro Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, salvo se existen motivos imperiosos de seguridade pública, nos seguintes casos:

a) Se residise en España durante os dez anos anteriores, ou;

b) Se fose menor de idade, salvo se a repatriación é conforme o interese superior do menor, non tendo a devandita repatriación, en ningún caso, carácter sancionador.

7. A caducidade do documento de identidade ou do pasaporte con que o interesado efectuase a súa entrada en España ou, se é o caso, da tarxeta de residencia, non poderá ser causa de expulsión.

8. O incumprimento da obriga de solicitar a tarxeta de residencia ou do certificado de rexistro levará consigo a aplicación das sancións pecuniarias que, en idénticos termos e para supostos similares, se estableza para os cidadáns españois en relación co documento nacional de identidade.

9. As únicas doenzas ou enfermidades que poden xustificar a adopción dalgunha das medidas do número 1 deste artigo serán as enfermidades con potencial epidémico, como se definen nos instrumentos correspondentes da Organización Mundial da Saúde, así como outras enfermidades infecciosas ou parasitarias contaxiosas, de conformidade coa lexislación española vixente.

As enfermidades que sobreveñan tras os tres primeiros meses seguintes á data de chegada do interesado, non poderán xustificar a expulsión de territorio español.

Nos casos individuais en que existan indicios graves que o xustifiquen, poderase someter a persoa incluída no

ámbito de aplicación deste real decreto, nos tres meses seguintes á data da súa chegada a España, a un recoñecemento médico gratuito para que se certifique que non padece ningunha das enfermidades mencionadas neste punto. Os devanditos recoñecementos médicos non se poderán exixir con carácter sistemático.

#### Artigo 16. *Informe da Avogacía do Estado.*

1. A resolución administrativa de expulsión dun titular de tarxeta ou certificado requirirá, con anterioridade a que se dite, o informe previo da Avogacía do Estado na provincia, salvo naqueles casos en que concorran razóns de urxencia debidamente motivadas.

2. Sen prexuízo dos recursos administrativos e xudiciais legalmente procedentes, a resolución da autoridade competente que ordene a expulsión de persoas solicitantes de tarxeta de residencia ou certificado de rexistro será sometido, logo de petición de interesado, a exame da Dirección de Servizo Xurídico de Estado ou da Avogacía de Estado na provincia. O interesado poderá presentar persoalmente os seus medios de defensa ante o órgano consultivo, a non ser que se opoñan a iso motivos de seguridade do Estado. O ditame da Avogacía do Estado será sometido á autoridade competente para que confirme ou revogue a anterior resolución.

#### Artigo 17. *Garantías procesuais.*

1. Cando a presentación de recurso administrativo ou xudicial contra a resolución de expulsión vaia acompañada da solicitude dunha medida preventiva de suspensión da execución da devandita resolución, non se poderá producir a expulsión en si ata o momento en que se adoptase a decisión sobre a medida preventiva, agás se se dá unha de seguintes circunstancias:

a) Que a resolución de expulsión se basee nunha decisión xudicial anterior.

b) Que as persoas afectadas tivesen acceso previo á revisión xudicial.

c) Que a resolución de expulsión se basee en motivos imperiosos de seguridade pública segundo o sinalado no artigo 15.5.a) e d) deste real decreto.

2. Durante a tramitación do recurso xudicial, o interesado non poderá permanecer en territorio español, salvo no trámite de vista, en que poderá presentar persoalmente a súa defensa, agás que concorran motivos graves de orde pública ou de seguridade pública ou cando o recurso se refira a unha denegación de entrada no territorio.

#### Artigo 18. *Resolución.*

1. As resolucións de expulsión serán ditadas polos subdelegados do Goberno ou delegados do Goberno nas comunidades autónomas uniprovinciais.

2. As resolucións de expulsión fixarán o prazo en que o interesado debe abandonar o territorio español. Agás en casos de urxencia debidamente xustificadas, en que a resolución se executará de forma inmediata, nos demais supostos concederáselle ao interesado un prazo para abandonalo, que non poderá ser inferior a un mes a partir da data da notificación da resolución. As citadas resolucións deberán ser motivadas, con información acerca dos recursos que se poidan interpoñer contra ela, prazo para facelo e autoridade ante quen se debe formalizar.

Disposición adicional primeira. *Atribución de competencias.*

As competencias en materia de recepción de comunicacións ou resolución de solicitudes no ámbito deste real decreto non expresamente atribuídas serán exercidas polo xefe da Oficina de Estranxeiros da provincia en que o solicitante teña o seu domicilio.

Disposición adicional segunda. *Normativa aplicable aos procedementos.*

No non previsto en materia de procedementos neste real decreto, haberá que atermos ao disposto na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, no seu regulamento, aprobado polo Real decreto 2393/2004, do 30 de decembro, na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na súa normativa de desenvolvemento, con carácter supletorio e na medida en que non se opoña ao disposto nos tratados constitutivos das comunidades europeas e o dereito derivado deles.

Disposición adicional terceira. *Réxime especial de aplicación aos cidadáns dalgúns Estados non membros da Unión Europea nin parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo.*

1. En virtude do Acordo entre a Comunidade Europea e a Confederación Suíza sobre libre circulación de persoas, asinado en Luxemburgo o 21 de xuño de 1999, aos cidadáns suízos e aos membros da súa familia éelles de aplicación o previsto neste real decreto.

2. En virtude de acordos celebrados entre a Comunidade e os seus Estados membros, por unha parte, e Estados non membros da Unión Europea nin parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, por outra, aos cidadáns dos devanditos Estados terceiros e aos membros da súa familia seralles de aplicación o previsto neste real decreto para o exercicio dos dereitos de entrada e saída, libre circulación, estadia, residencia e traballo en España, cando iso sexa conforme co establecido nos devanditos acordos.

Disposición transitoria primeira. *Solicitudes presentadas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto.*

As solicitudes presentadas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto tramitaranse e resolvanse conforme o previsto nel, salvo que o interesado solicite a aplicación da normativa vixente no momento da solicitude e sempre que iso sexa compatible coas previsións deste real decreto.

Disposición transitoria segunda. *Atribución transitoria de competencias.*

Nas provincias en que aínda non fose creada a correspondente Oficina de Estranxeiros, as competencias no ámbito deste real decreto non expresamente atribuídas serán exercidas polo subdelegado do Goberno ou polo delegado do Goberno nas comunidades autónomas uniprovinciais.

Disposición transitoria terceira. *Réxime especial dos traballadores por conta allea nacionais de Estados membros da Unión Europea aos cales se lles apliquen*

*medidas transitorias para regular o seu acceso ao mercado de traballo español.*

Os traballadores por conta allea nacionais de Estados membros que se incorporen á Unión Europea poderanse ver sometidos a determinadas limitacións de acceso ao mercado de traballo español en virtude do establecido nas actas de adhesión dos devanditos Estados e de acordo coas decisións adoptadas polo Goberno en cada caso respecto á aplicación dun período transitorio sobre esta materia.

As medidas transitorias que regulen a súa situación como traballadores por conta allea, que en ningún caso suporán menoscabo ningún do resto de dereitos recollidos como cidadáns da Unión Europea, determinarán a obriga de se prover da correspondente autorización de traballo por conta allea. As autorizacións necesarias deberán ser solicitadas e tramitadas segundo o previsto na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, e a súa normativa de desenvolvemento, tendo en conta o establecido polas citadas actas de adhesión e polo acervo comunitario aplicable.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 178/2003, do 14 de febreiro, sobre entrada e permanencia en España de nacionais de Estados membros da Unión Europea e doutros Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, así como todas aquelas normas de igual ou inferior rango que contradigan o disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español a Directiva 2004/38/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, relativa ao dereito dos cidadáns da Unión e dos membros das súas familias a circular e residir libremente no territorio dos Estados membros pola que se modifica o Regulamento (CEE) n.º 1612/68 e se derrogan as directivas 64/221/CEE, 68/360/CEE, 72/194/CEE, 73/148/CEE, 75/34/CEE, 75/35/CEE, 90/364/CEE, 90/365/CEE e 93/96/CEE.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

1. O titular do Ministerio da Presidencia, por proposta do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, logo de informe do Ministerio de Interior, poderá adoptar as medidas de desenvolvemento precisas para o cumprimento e a aplicación deste real decreto que requiran a aprobación da oportuna orde ministerial, e das medidas de desenvolvemento precisas para o cumprimento e a aplicación deste que lles corresponden aos centros directivos competentes do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, do Ministerio do Interior, e do Ministerio de Administracións Públicas, no ámbito das súas respectivas competencias.

2. Así mesmo, o titular do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación poderá adoptar as medidas de desenvolvemento precisas para o cumprimento e a aplicación deste real decreto que requiran a aprobación da oportuna orde ministerial, iso con independencia da competencia do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais para o desenvolvemento da política do Goberno en mate-

ria de estranxeiría e inmigración, e das medidas de desenvolvemento precisas para o cumprimento e a aplicación deste real decreto que lles corresponden aos centros directivos competentes do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación no ámbito das súas competencias.

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, aprobado polo Real decreto 2393/2004, do 30 de decembro.*

O Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, aprobado polo Real decreto 2393/2004, do 30 de decembro, queda modificado como segue:

Un. Introdúcese unha disposición adicional décimo novena:

«Disposición adicional décimo novena. *Facilitación da entrada e residencia dos familiares de cidadán dun Estado membro da Unión Europea ou doutro Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, non incluído no ámbito de aplicación do Real decreto 240/2007, do 16 de febreiro, sobre entrada, libre circulación e residencia en España de cidadáns dos Estados membros da Unión Europea e doutros Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo.*

As autoridades competentes facilitarán, de acordo co disposto na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, e neste regulamento, a obtención do visado de residencia ou, se é o caso, dunha autorización de residencia por circunstancias excepcionais, a quen sen estar incluído no artigo 2 do Real decreto 240/2007, do 16 de febreiro, sobre entrada, libre circulación e residencia en España de cidadáns dos Estados membros da Unión Europea e doutros Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, acompañe un cidadán da Unión ou se reúna con el, e se ache nunha das seguintes circunstancias:

a) Sexa outro familiar con parentesco ata segundo grao, en liña directa ou colateral, consanguínea ou por afinidade que, no país de procedencia, estea a cargo ou viva co cidadán doutro Estado membro da Unión Europea ou doutro Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, ou cando por motivos graves de saúde ou discapacidade, sexa estritamente necesario que o devandito cidadán se faga cargo do seu coidado persoal,

b) Sexa a parella, cidadán dun Estado non membro da Unión Europea nin parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, coa que o cidadán da Unión mantén unha relación estable debidamente probada.

As autoridades exixirán a presentación de acreditación, por parte da autoridade competente do país de orixe ou procedencia, que certifique que está a cargo do cidadán da Unión ou que vivía con el nese país, ou a proba da existencia de motivos graves de saúde ou discapacidade que requiran estritamente que o cidadán da Unión se faga cargo do coidado persoal do membro da familia. Igualmente

exixirase proba abonda da existencia dunha relación estable co cidadán da Unión.

As autoridades competentes estudarán detidamente as circunstancias persoais nas solicitudes de entrada, visado ou autorizacións de residencia presentadas e xustificarán toda denegación delas.»

Dous. Introdúcese unha disposición adicional vixésima:

«Disposición adicional vixésima. *Normativa aplicable a membros da familia de cidadán español que non teñan a nacionalidade dun Estado membro da Unión Europea ou dun Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo.*

1. O Real decreto 240/2007, do 16 de febreiro, sobre entrada, libre circulación e residencia en España de cidadáns dos Estados membros da Unión Europea e doutros Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, seralles de aplicación, calquera que sexa a súa nacionalidade, e nos termos previstos por este, aos familiares de cidadán español, cando o acompañen ou se reúnan con el, e estean incluídos nunha das seguintes categorías:

a) Ao seu cónxuxe, sempre que non recaese o acordo ou a declaración de nulidade do vínculo matrimonial, divorcio ou separación legal.

b) Á parella con que manteña unha unión análoga á conxugal inscrita nun rexistro público establecido para eses efectos nun Estado membro da Unión Europea ou nun Estado parte no Espazo Económico Europeo, que impida a posibilidade de dous rexistros simultáneos no devandito Estado, e sempre que non se cancelase a devandita inscrición, o que deberá ser suficientemente acreditado. As situacións de matrimonio e inscrición como parella rexistrada consideraranse, en todo caso, incompatibles entre si.

c) Aos seus descendentes directos e aos do seu cónxuxe ou parella rexistrada sempre que non recaese o acordo ou a declaración de nulidade do vínculo matrimonial, divorcio ou separación legal, ou se cancelase a inscrición rexistral de parella, menores de vinte e un anos, maiores da devandita idade que vivan ao seu cargo, ou incapaces.

d) Aos seus ascendentes e aos do seu cónxuxe, sempre que non recaese o acordo ou a declaración de nulidade do vínculo matrimonial, divorcio ou separación legal, que vivan ao seu cargo, sempre que na data de entrada en vigor do Real decreto 240/2007, do 16 de febreiro, sobre entrada, libre circulación e residencia en España de cidadáns dos Estados membros da Unión Europea e doutros Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, fosen titulares dunha tarxeta de familiar de residente comunitario en vigor ou susceptible de ser renovada, obtida ao abeiro do Real decreto 178/2003, do 14 de febreiro, sobre entrada e permanencia en España de nacionais de Estados membros da Unión Europea e doutros Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo.

2. O reagrupamento familiar de ascendentes directos de cidadán español, ou do seu cónxuxe, rexerese polo previsto na sección 2.<sup>a</sup> do capítulo I do título IV deste regulamento.»

Disposición derradeira cuarta. *Normativa subsidiaria e supletoria.*

1. A entrada, permanencia e traballo en España dos familiares dos cidadáns dos Estados membros da Unión Europea e doutros Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, incluídos no ámbito de aplicación deste real decreto, rexeranse pola Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, naqueles casos en que non quede acreditada a concorrencia dos requisitos previstos neste real decreto.

2. As normas de carácter xeral contidas na citada Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, así como as normas regulamentarias vixentes sobre a materia, serán aplicables aos supostos comprendidos no

ámbito de aplicación deste real decreto, con carácter supletorio e na medida en que puidesen ser máis favorables e non se opoñan ao disposto nos tratados constitutivos das Comunidades Europeas, así como no dereito derivado destes.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor ao mes da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 16 de febreiro de 2007.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno  
e ministra da Presidencia,  
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ